



**o tempo  
que virá**



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística




## Obxectivos

Obxectivos desta unidade:

- ❖ Como falar do futuro e facer hipóteses
- ❖ Como expresar opinións sobre acontecementos futuros

Coñecemento do código

- ❖ O futuro
- ❖ Formas hipotéticas
- ❖ Subordinadas temporais
- ❖ A publicidade
- ❖ b/v; s/x



## Actividade introdutoria

### Conversa entre dous amigos.

#### 1. Antes da audición:

Nestes últimos tempos, o móbil parece un produto imprescindible.

E ti, tes un ou varios?

Úsalo con moita frecuencia?

Canto che custan as chamadas por minuto?

Paréceche o *kit* para o coche algo útil?

#### 2. Escoita a conversa de Xesús e Pilar.




#### 3. Despois da audición, preguntalle ao teu compañeiro/a:

Como definen o produto do que falan?

A Xesús parécelle caro ou barato ese produto?

Que vantaxes ten compralo axiña?





## Gramática e léxico

### Prácticas guiadas

#### FUTURO DE INDICATIVO

##### -AR

andarei

andarás

andar<sup>á</sup>

andaremos

andaredes

andarán

##### -ER

beberei

beberás

beber<sup>á</sup>

beberemos

beberedes

beberán

##### -IR

vivirei

vivirás

vivir<sup>á</sup>

viviremos

viviredes

vivirán



##### OLLO!

Repara en que, en varias  
persoas, futuro e ante-  
pretérito se diferencian  
só polo acento:

*andar<sup>á</sup>/andara*

*andarán/andaran*

#### PARA EXPRESAR FUTURO

Usamos o **futuro** para facer referencia a accións futuras sen marcar a súa relación co momento presente:

*Mañá **choverá** e **baixarán** as temperaturas.*

Usamos a perífrase **IR+infinitivo** cando a acción se presenta como unha intención, proxecto ou previsión:

*O ano que vén **voume matricular** en Dereito.*

Usamos o **presente de indicativo**:

Cando falamos de algo cíclico:

*Este mes o 13 **é** martes.*

Para sinalar que se trata dunha decisión ou dun compromiso:


*Deberías **ir** a un ximnasio.*

*Mañá mesmo **empezo** un curso.*

Para asegurar ou prometer algo:

*Pódeme facer unha fotocopia?*

*Agora mesmo **lla fago**.*




1. Imaxina que te elixiron alcalde da túa vila ou cidade. Que medidas tomarías? Elixes entre estas ou outras e escribelles unha declaración aos teus cidadáns:

- baixar os impostos municipais
- baixar os prezos do transporte
- construír vivendas baratas e concederlle axudas á xuventude
- construír máis hospitais
- construír máis garderías
- prohibir o tráfico de coches polo centro da cidade ou vila
- crear carrís para bicicletas
- animar a vida cultural da vila ou da cidade
- ofrecer máis actividades para mozos e anciáns
- mellorar o sistema de reciclaxe do lixo
- plantar máis árbores e ampliar as zonas verdes
- pechar as industrias contaminantes
- construír...
- pechar...
- prohibir...
- mellorar...
- OUTRAS

Queridos cidadáns e cidadás:

Quero agradecervos por terme elixido alcalde. Hoxe empeza unha nova época para todos. Durante os próximos catro anos, baixarei os impostos municipais...

...




2. Que cousas cres que cambiarán dentro de dez anos? Completa as frases usando os seguintes verbos:

|           |         |           |               |                 |
|-----------|---------|-----------|---------------|-----------------|
| viaxar    | obrigar | curarse   | substituír(2) | respectar       |
| funcionar | existir | descender | estar(2)      | desaparecer (2) |

- Desaparecerán as sucursais e as oficinas bancarias.
- As tarxetas de crédito \_\_\_\_\_ case por completo ao diñeiro en efectivo.
- As enerxías alternativas \_\_\_\_\_ completamente as enerxías tradicionais.
- \_\_\_\_\_ a outras galaxias.
- \_\_\_\_\_ os libros en soporte de papel.
- A publicidade do tabaco \_\_\_\_\_ prohibida en todo o mundo.
- Os seres humanos \_\_\_\_\_ máis a natureza.
- \_\_\_\_\_ todas as enfermidades.
- As empresas multinacionais \_\_\_\_\_ os seus traballadores a realizar exercicios de relaxación, antes de empezar a xornada laboral.
- A clonación humana \_\_\_\_\_ permitida na maioría dos países.
- Só \_\_\_\_\_ produtos modificados xeneticamente.
- Os coches \_\_\_\_\_ con gasolina de alcohol e/ou con enerxía solar.
- \_\_\_\_\_ o número de accidentes de tráfico.





## PARA FORMULAR HIPÓTESES

Usamos o **futuro** para manifestar a probabilidade no presente:

*Sabela terá 18 anos.*

*Que farán estes mozos á porta da cervexería?*

*Estarán esperando para entrar.*

Usamos o **pospretérito** para indicar a probabilidade ou aproximación con relación ao pasado:

*Cando a coñecín andaría polos 50 anos.*

**Outras maneiras** de formular hipóteses probables ou posibles, referidas ao presente, pasado ou futuro:

### **Quizais + indicativo / subxuntivo**

*Quizais chove esta tarde. (+ probable)*

*Quizais chova mañá. (- probable)*

### **Ao mellor + indicativo**

*Ao mellor vou esta tarde ao cine.*

### **Seguro que + indicativo**

*Seguro que mañá chove.*

### **Igual + indicativo**

*Igual chove mañá.*

### **Supoño que + indicativo** (algo parécenos moi probable, pero non temos probas)

*Supoño que mañá vai chover.*


### **Espero que + subxuntivo** (desexamos que suceda un acontecemento futuro)

*Espero que constrúan un novo hospital.*

Para descartar unha hipótese:

### **Non creo que + subxuntivo**

*Non creo que gañe as eleccións.*



3. Formúlade hipóteses pensando nestas situacións, aquí tedes algunha proposta, inventade outras.

a) Sara díxoche que ía estar toda a tarde na casa, levás media hora intentando chamala pero non responde.

Teléfono mal colgado.

Está na ducha.

Está durmindo.

...

- *Que lle pasará a Sara, que levo media hora chamando e non contesta?*

- *Terá mal colgado o teléfono.*

- *Ao mellor está na ducha.*

- *Estará durmindo e non oírás o teléfono.*

b) Son as 10.30 e o bus das 10 aínda non pasou.

Houbo un accidente no centro e hai atasco.

Pinchou unha roda.

Quedou sen gasolina.

...

c) O teu xefe, moi formal e responsable, aínda non chegou á oficina e xa son as dez.

Está enfermo.

Quedou durmido.

Perdeu o autobús.

...

d) Ides ver unha película na casa do teu amigo, pero o vídeo non funciona.

A cinta está estragada.

O vídeo non está enchufado.

O vídeo está avariado.

...

e) Atopas un amigo pola rúa, saúdalo pero el non responde ao saúdo.

Non te ve.

Está enfadado contigo.

Vai cavilando nas súas cousas.

...


f) Chegas á clase de galego á hora, pero non hai ninguén.

É unha broma.

É festa local.

Hai folga.

...



4. Comenta co teu compañeiro as opinións sobre os temas do exercicio 2.

**A** Estadades de acordo? Por que?

- *Quizais no futuro desaparezan as oficinas bancarias.*
- *Eu non creo que desaparezan as sucursais nin as oficinas bancarias, porque...*

**B** Que outras cousas cres que cambiarán no futuro?

- |                 |                             |
|-----------------|-----------------------------|
| A fame...       | O clima...                  |
| O paro...       | A desigualdade de xénero... |
| A natalidade... | Os nacionalismos...         |

5.

**A** Entrevista o teu compañeiro sobre como imaxina o seu futuro. Para responder, podesdes usar distintos graos de seguridade con **quizais, ao mellor, igual, supoño que, espero que, creo que, non creo que...**

- Casar / non casar.
- Ter fillos / non ter fillos.
- Vivir no mesmo país / vivir en países diferentes.
- Vivir no campo / vivir na aldea.
- Traballar na empresa pública / non traballar na empresa pública.
- Aprender outras linguas / non aprender outras linguas.
- Ser famoso / non ser famoso.
- Ser millonario / non ser millonario.
- Atopar o amor da súa vida / non atopar o amor da súa vida.
- Chegar a cen anos / non chegar a cen anos.


- *Casarás algún día?*
- *Non, non creo que case nunca.*

**B** Se a resposta que che dá o teu compañeiro é positiva, pídelles que che diga cando fará esas cousas.

- *Casarás algún día?*
- *Si, casarei cando remate a carreira.*

**CANDO + subxuntivo** úsase para referirse a unha acción futura, relacionada con outra acción ou estado futuros:


*Cando remate a clase, iremos tomar algo.*



**C** Cres que o teu compañeiro é optimista? Coméntao co resto da clase.

## 6. Campaña de tráfico.

**A** Escoita estes mozos que falan da última campaña para previr accidentes de tráfico.



**B** Comenta co teu compañeiro ou compañeira se estás de acordo con Lucía ou con Marcos.

Cres que as campañas de prevención de accidentes de tráfico deben ser agresivas? Por que?

Cres que se debe usar o humor para chegar mellor ao público?


Que opinas sobre as imaxes de accidentes reais?

**C** En grupos de catro, intentade crear unha campaña para previr os accidentes de tráfico. Pensade:  
Título ou slogan.

Información que ides dar e ideas para convencer os condutores.

Soporte: anuncio de prensa, un folleto, unha carta comercial, unha cuña de radio, un anuncio de televisión, un *banner*.

**D** Presentádelle a campaña ao resto da clase. Cal vos convenceu máis?



ð t}



## Ortografía

1. Estas palabras perderon as consoantes b ou v, intenta atopalas, despois compara as respostas co teu compañeiro.

\_\_oda

automó\_\_il

\_\_erza

a\_\_ogado

gra\_\_ata

\_\_aleiro

\_\_asoira

bol\_\_oreta

\_\_arrer

mó\_\_il

gra\_\_ar

pol\_\_o

\_\_ermello

ri\_\_eira

Xa\_\_ier

Este\_\_o

gara\_\_anzo

a\_\_ó

cara\_\_

chu\_\_asco

tre\_\_o

mara\_\_illa

2. Estas outras palabras perderon as consoantes s ou x, intenta atopalas, despois compara as respostas co teu compañeiro.

e\_\_trañar

\_\_a\_\_tre

e\_\_tender

e\_\_pléndido

e\_\_pontaneo

e\_\_tran\_\_eiro


e\_\_plendor

e\_\_i\_\_ente

e\_\_actitude

e\_\_premer





## Galego en acción

1. Le este anuncio. Cales dos seguintes adxectivos se poderían utilizar para facer máis atractivo o produto que se anuncia?

|             |          |           |          |            |          |
|-------------|----------|-----------|----------|------------|----------|
| práctico/a  | cómodo/a | barato/a  | bonito/a | completo/a | rápido/a |
| económico/a | eficaz   | manexable | novo/a   | usado/a    |          |

### Bicicleta de montaña

[Ver foto](#)

Vendo bicicleta de montaña *Mondraker*.

Año 2005. Cor negra.

Cambio *Shimano deore*, pedais automáticos, cornos no guiador.

Suspensión traseira regulable.

Freos acabados de cambiar, zapatas novas.

Moi cómoda e lixeira.

Perfecto estado, case nova, moi pouco usada.

Achego folla con ficha técnica.

Prezo: 250 euros (nova custa máis do dobre).

Pago contra reembolso ao recibir o produto.

Para contacto: Miguel, 608442211.

2. Pensa en obxectos que hai nos distintos cuartos da túa casa que poderías vender:

Cociña: neveira...


Baño:

Comedor:

Dormitorio:

Garaxe:

Rocho:



3. Pensa agora en catro características para definir ese obxecto da túa casa que che gustaría vender.

4. Escribe un anuncio para vender ese obxecto en Internet. Segue estes consellos:

Elixo un bo título para o anuncio.

Fai unha descrición clara e atractiva.

Indica o prezo.

Indica como queres recibir o pago.

[Ver foto](#)

-----

-----

-----

-----

-----

-----


-----

-----

-----

-----

Prezo: -----



## Contido sociocultural

### 1. Le o conto da leiteira.

#### O conto da leiteira

Unha leiteira ía camiñando feliz cara á feira cunha ola de leite na cabeza. A medida que se ía achegando á vila, a súa dita aumentaba. Por que? Porque a leiteira camiñaba acompañada polos seus pensamentos e na súa mente imaxinaba un fermoso futuro.


"Si –pensaba-. Cando chegue á feira atoparei axiña comprador para este riquísimo leite. E ha de pagarmo a bo prezo, que ben o vale. En canto me paguen, alí mesmo comprarei unha cesta de ovos. Levaraina á casa e, desa cesta de ovos, lograrei sacar, aí pola primavera, un cento de pitos polo menos, volverei á feira e, cando os venda, comprarei un porquiño. Si, un porquiño pequeno e ben feito. Xa me encargarei eu de cebalo ben con landras e castañas! Medrará e engordará axiña. E cando medre, levaréino á feira. Ese bo porco ben valerá uns cartiños. En canto me paguen, comprarei unha vaca. Unha vaca... e un becerro! Ai, que gusto ver o becerriño brincando na miña corte!"



E ao imaxinar isto, botou unha gargallada, ao tempo que daba un brinco. Ai, canta penuria seguiu á súa ledicia! Ao botar o brinco, caeulle da cabeza a ola e escachou en mil anacos. A pobre leiteira mirou aflixida como a terra tragaba o leite. Xa non habería pitiños, nin porco, nin vaca, nin becerro. Todas as súas ilusións perdéranse para sempre, xunto coa ola escachada e o leite derramado polo camiño.

*Texto adaptado da fábula de J. M. Samaniego.*

### 2. Coñecías o conto? Pasouche algunha vez algo parecido?




3. Fortunato é un mozo licenciado en medicina, moi soñador e moi optimista. Hoxe preséntase a unha entrevista de traballo. Intenta continuar a súa historia co teu compañeiro.

*Entrevistaranme e seguro que me darán o traballo. Cando empece a traballar, verán que son un gran médico. Subiránme o soldo axiña e nomearanme xefe... Cando me nomeen xefe... Cando... Cando...*

4. Lédelle as historias ao resto da clase.





## Planificas o teu futuro?

1. Completa e responde este cuestionario.
2. Despois faillo ao teu compañeiro.
3. Compare os resultados. Quen planifica máis o seu futuro?
4. Dependendo dos resultados acadados, escribe un breve texto sobre a personalidade do teu compañeiro. El terá que facer o mesmo sobre a túa.

Tes previsto algún cambio na túa vida nas próximas semanas ou nos próximos meses?


- a) Non teño nin idea, quizais...
- b) Non, non quero facer plans.
- c) Si, a semana que vén vou...

Quedarás na cidade en verán?

- a) Quen sabe, xa decidirei cando...
- b) Si, cando falte menos tempo...
- c) Non, irei á praia coma todos os anos.

Irás ao ximnasio este mes?

- a) Non sei, igual...
- b) Non, non vou nunca.
- c) Si, mañá mesmo...



Irás ver o Celta-Racing de Ferrol o domingo?

- a) Quen sabe, cando...
- b) Si, decidireino cando...
- c) Non, non, eu non son de fútbol.

Sairás de viños o venres pola noite?

- a) Vai ti saber!, supoño que...
- b) Cando...
- c) Si, si, xa quedei cos colegas.

Que poñerás mañá para ir ao traballo?

- a) Quen sabe, quizais...
- b) Cando vexa que día vai...
- c) O primeiro que saque do armario.

Farás outro curso de galego?


- a) Non che sei, ao mellor...
- b) Cando remate este curso...
- c) Si, quero acadar todos os niveis.

Maioría de respostas:

A - Creo que non es unha persoa...

B - Es...

C - O que tes que facer é...



## Repaso

1. Que farán os científicos en Valencia? Se queres sabelo, enche os ocos cos verbos en futuro.

aprobar

estar(2)

debater

pasar

converter

conter

ser(2)

deber

sintetizar

elaborar

ter

asistir

### Os científicos da ONU elaboran en Valencia unha folla de ruta contra o cambio climático

12 de novembro de 2007




Valencia \_\_\_\_\_ a capital mundial do clima durante esta semana. Un transcendental cumio do Panel Intergobernamental do Cambio Climático (IPCC) da ONU \_\_\_\_\_ desde hoxe cerca de **3.000 folios de informes científicos** producidos desde 2001. \_\_\_\_\_ en só 30 folios antes do sábado, e o documento \_\_\_\_\_ na folla de ruta para loitar a escala global contra o quentamento.

Máis de 600 representantes gobernamentais de 130 países, apoiados polos científicos designados por cada país, \_\_\_\_\_ un documento destinado especificamente aos gobernantes de todo o mundo, que \_\_\_\_\_

as **liñas mestras** da mellor forma de actuar fronte ao cambio climático. Por primeira vez, un secretario xeral da ONU \_\_\_\_\_ á presentación do documento.

O resumo que se \_\_\_\_\_ en Valencia \_\_\_\_\_ un peso fundamental nas negociacións do Cumio do Clima que comeza en Bali do 2 ao 14 de decembro. Alí está previsto acordar as bases da fase seguinte do actual Protocolo de Quioto a partir de 2012.

De acordo cos tres **documentos de síntese** aprobados polo IPCC ao longo de 2007 sobre os tres aspectos básicos da ciencia climática –a base científica física; impactos, adaptación e vulnerabilidade e mitigación do cambio climático–, «o cambio climático é



**inequívoco**», o quentamento «é **irreversible**» e situarase nun abano de subidas de entre 1,8°C e 6,4°C ao longo deste século.

Pese a que o fenómeno está en plena expansión e é **irrefreable**, o IPCC considera que se pode actuar para que a subida do termómetro non supere os 2°C. Para iso, habería que ir substituíndo os **combustibles fósiles** por **enerxías renovables**. Estes cambios enerxéticos suporían custos do 0,1% do PIB mundial ata 2030.

Os cinco días de sesións \_\_\_\_\_ **a porta pechada** no Museo das Ciencias Príncipe Felipe de Valencia. Os relatores \_\_\_\_\_ ir aprobando un tras outro e, **por unanimidade**, os parágrafos do borrador xa preparado. Cada liña e cada palabra \_\_\_\_\_ por unha gran pantalla da sala Arquerías antes de que se lles dea o visto bo dos **130 países presentes**, entre eles EE UU, China, Rusia, UE, Xapón e os países emerxentes.

España conta con dous autores no IV Informe, que \_\_\_\_\_ presentes nas sesións desta semana: **José Manuel Moreno**, catedrático de Ecoloxía da Universidade de Castilla-La Mancha, que coordinou o capítulo oito, relativo a Europa; e **María José Sanz**, do Centro de Estudos Ambientais de Valencia, como autora líder do capítulo nove, dedicado a bosques.


Na delegación española \_\_\_\_\_, a ministra de Medio Ambiente, **Cristina Narbona**, o secretario xeral do Cambio Climático, **Arturo Gonzalo Aizpiri**, a directora xeral do Cambio Climático, **Teresa Ribera** e a directora da Oficina de Cambio Climático, **Concepción Martínez**.

*Texto adaptado de <http://www.noticias-ciencia.com/>.*

2. Que opinas ti sobre o cambio climático?

Canto e como cres que poderá afectarnos o cambio climático no futuro?

Se queres saber máis, visita: <http://www.greenfacts.org/es/cambio-climatico>.



## Portfolio


1. En grupos.

**A** Diseñade un anuncio publicitario sobre un produto de tecnoloxía para un programa radiofónico.

- Nome e slogan.
- Información que dará o anuncio:
  - Servizos que ofrecerá.
  - Formas de pago e facilidades.
  - Posibles descontos (mozos, terceira idade, socios...).
- Forma do anuncio: entrevista, historieta, voz en off...
- Ideas para convencer os radiooíntes.

**B** Representade os anuncios. Cal é o mellor?





## Que sei facer?

| Son capaz de...                                          | BEN | REGULAR | MAL |
|----------------------------------------------------------|-----|---------|-----|
| Falar do futuro e facer hipóteses                        |     |         |     |
| Expresar opinións sobre acontecementos futuros           |     |         |     |
| Situar unha acción no futuro usando "cando + subxuntivo" |     |         |     |
| Presentar unha campaña publicitaria                      |     |         |     |

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



## Transcripción do audio

### 1. Actividade introdutoria. Conversa de Xesús e Pilar.

**XESÚS:** Vaia, Pilar, xa vexo que tes un móbil novo...

**PILAR:** Si, é o meu novo móbil 999.

**XESÚS:** Gústame moito o deseño. E para que precisas ese lapis?

**PILAR:** É un dispositivo apuntador, para que poidas debuxar sobre fotos sacadas coa cámara. O último en telefonía móbil!

**XESÚS:** Xa vexo, xa. E con ese lapis podes modificar as fotos, engadirlles debuxos ou texto ás imaxes que sacas co teléfono?

**PILAR:** Por suposto. E ademais podes conectar o teu teléfono móbil á televisión para ver as fotos.

**XESÚS:** Non lle falta nada de nada...

**PILAR:** Pois iso non é todo. Inclúe melodías polifónicas de 40 tons. Escoita.

**XESÚS:** Custaríache un ollo da cara! Eses modelos tan modernos son moi caros...

**PILAR:** Pois non creas. Era unha oferta de lanzamento, creo que aínda non rematou. Só por 99 euros!

**XESÚS:** Pensei que era máis caro!

**PILAR:** E ademais, se compras o móbil este mes, poderás facer chamadas nacionais por un céntimo o minuto.

**XESÚS:** Non o podo crer! Estás segura que non se trata dunha estafa?

**PILAR:** Si, así dicía no contrato que asinei.

**XESÚS:** Pois co meu móbil pago vinte céntimos o minuto...

**PILAR:** Veña, ámate, que aínda hai máis. Se compras nos próximos dez días, regálanche os auriculares, unha bolsa de transporte e o *kit* universal para o automóbil. Ei, Xesús, onde vas con tanta présa?

**XESÚS:** Non quero quedar sen o novo móbil 999! Abur!


**PILAR:** Pero non iamos tomar algo xuntos? Se sei non che conto nada ata mañá.

### 2. Gramática e léxico. Uns mozos falan da última campaña para previr accidentes de tráfico.

**LUCÍA:** Viches a última campaña de Tráfico sobre os accidentes na estrada?

**MARCOS:** Refíreste á da distancia de seguridade?

**LUCÍA:** Si, a esa. Eu creo que as imaxes son demasiado agresivas... Non che parece? É todo un pouco esaxerado.



**MARCOS:** Pois eu creo que non. A xente non fai caso de nada se non ve imaxes crúas e reais.

**LUCÍA:** Eu penso que hai outras maneiras máis suaves para tratar o tema.

**MARCOS:** Si? Dime?

**LUCÍA:** Non che sei, algo máis divertido, con humor, vin unha campaña en Internet moi boa e sen chisca de sangue.

**MARCOS:** Eu creo que con iso non se pode xogar, é moi serio.

**LUCÍA:** Xa sei que é un tema moi serio e tamén que son imaxes reais, pero véxoas moi fortes.

**MARCOS:** Pois para iso as poñen... Para que a xente reaccione... No anuncio vese ben claro que, por non manter a distancia de seguridade, se provoca un accidente en cadea.

**LUCÍA:** Si, claro, vese... pero é horrible...

**MARCOS:** Pois máis horrible é a morte ou quedar nunha cadeira de rodas.